

ABRIL 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estada media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Abril 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIRO	8.508.796	-7,6%	299.241	-20,7%
NOITES	25.309.572	-8,1%	576.322	-17,0%
ESTADÍA MEDIA	2,97	-0,6%	1,93	4,7%
% OCUPACIÓN	56,51%	-4,64	32,66%	-3,45
% OCUPACIÓN Fds	62,20%	-5,81	38,97%	-7,17

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de abril Galicia rexistrou un comportamento negativo da demanda hoteleira, con caídas importantes tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 20,7%, acadando preto de 300 mil-coma do volume de noites –do 17,0% neste caso, con algo máis de 576 mil neste caso-.
- Estes descenso están moi condicionados polo efecto do calendario e en particular pola celebración da Semana Santa –que este ano coincidiu en marzo mentres que no pasado 2017 cadrou plenamente en abril-. As comparacións temporais, por tanto, teñen un claro nesgo negativo que afecta a todos os resultados deste mes.
- O comportamento da demanda hoteleira no mes de abril nestes últimos anos é moi irregular e novamente está afectado pola celebración da Semana Santa. Así pois, obsérvase descenso no período 2011-13, crecemento en 2014 e 2015, caída en 2016, novamente incremento en 2017 con carácter previo ao descenso deste 2018. O resultado desta tendencia sitúa o nivel de pernoctacións en pouco máis de 576 mil no mes de abril, nivel inferior obviamente ao do pasado ano máis sitúase por encima dos rexistrados no período 2011-16.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é equivalente, alternándose crecementos e caídas nestes últimos anos que sitúan o nivel final de 2018 en preto de 300 mil.
- En termos de volume a caída deste mes de abril tradúcese na perda de 78 mil viaxeiros aloxados e de case 118 mil pernoctacións en relación ao pasado ano 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante. No conxunto de España rexístrase un descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 7,6%- coma do volume de noites –do 8,1% neste caso-.
- O mal comportamento da demanda hoteleira no conxunto do Estado vén como consecuencia dos descenso rexistrados en practicamente todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. Agás no caso de Baleares, destino que se mantén nos mesmos niveis do pasado ano, o volume de noites hoteleiras descende en todas as comunidades autónomas.
- O mellor comportamento relativo sitúase nas comunidades de Murcia –onde a demanda cae un 1,7%- , e en Madrid e Castela A Mancha –destinos que presentan un descenso levemente por

encima do 3% interanual-. Son as comunidades que rexistran neste mes as caídas máis suaves e, por tanto, resistiron mellor o efecto negativo do calendario.

- As restantes comunidades amosan caídas de maior intensidade sendo Asturias o destino de peor comportamento relativo, cun descenso do 25% en relación ao pasado ano –porcentaxe referida ás pernoctacións-.
- Galicia rexistra neste caso a maior caída na cifra de viaxeiros aloxados e o segundo maior descenso no volume de noites, en relación ao mes de abril do pasado ano.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante, con caídas xeneralizadas salvo no caso de Baleares –que presenta un suave incremento próximo ao 1% interanual-.
- Galicia rexistra neste caso a maior caída na cifra de viaxeiros aloxados e o segundo maior descenso no volume de noites, en relación ao mes de abril do pasado ano.
- Canarias –con máis de 5,3 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de abril –absorbendo o 21,1% do total estatal-. Tal circunstancia xa acontecera no último trimestre do pasado ano e nos tres primeiros meses deste 2018 e responde dalgunha maneira ao panorama global do mercado hoteleiro en temporada baixa –período no que Canarias lidera o ranking a nivel estatal-.
- Seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con pouco máis de 4,4 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con case 4,3 millóns de pernoctacións-, Baleares –con case 3,0 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 2,5 millóns- e Madrid –con preto de 2,1 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 85% do total da demanda hoteleira de España. O 15% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,3% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con descensos importantes no caso do turismo de ámbito nacional –moi afectados pola celebración da Semana Santa- e algo menos acusado no internacional.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta unha caída do 13,7% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por un descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, do 15,0% neste caso. Contrasta este mal resultado co forte incremento rexistrado en 2017, por mor do efecto do calendario xa comentado anteriormente.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento negativo e importante, cun descenso do 23,4% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017 –consecuencia da caída paralela da cifra de viaxeiros españois, do 25,5%- . Igual que o anterior, este segmento amosa un comportamento irregular neste últimos anos condicionado pola celebración da Semana Santa –período que ademais ten un forte peso do mercado nacional-.
- O turismo internacional rompe a senda positiva dos últimos meses e presenta tamén un descenso da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 18,4% e o volume de pernoctacións un 7,0%, contribuíndo desta maneira ao comportamento negativo global.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos catro anteriores, con subas do 11,5% en abril de 2014, do 16,7% en 2015, do 5,5% en 2016 e do 22,1% en 2017. Esta caída sitúa o nivel final en preto de 150 mil noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano pero superior á serie anterior-.

- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 26,0% do total da demanda hoteleira, cifra importante como corresponde a un mes de temporada media e que supera os valores que se rexistraban no primeiro trimestre do ano –cando apenas superaba o 19% no mellor dos casos-.
- O segmento de maior peso é o nacional e sobre todo aquel que procede do conxunto do Estado –o turismo receptor nacional representa o 45,6% do total das noites hoteleiras-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda hoteleira, con descenso en todas as provincias galegas –do 16% en A Coruña, Ourense e Pontevedra, e do 22% en Lugo-. Acontece en todas elas que o nivel de demanda empeora como consecuencia basicamente do descenso da cifra de viaxeiros aloxados, con intensidade variable.
- Con máis de 250 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 43,5% do total-.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia increméntase neste mes de abril –un 4,7%- , situándose en 1,93 noites de media. É o segundo ano consecutivo no que mellora a estadía media no mes de abril, rompendo coa serie de caídas consecutivas desde o 2011. Estes incrementos permitiron mellorar en dúas décimas a cifra de abril de 2016.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,7 noites de media, mentres que Castela e León rexistra a cifra máis baixa, con 1,7 noites neste caso.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída paralela da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 7,4%- , circunstancia que leva a un descenso dos niveis de ocupación do sector –en particular, cae en 3,5 puntos porcentuais para situarse no 32,7% de media-. Esta caída contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e da continuidade ao comportamento irregular do mes de abril. Con todo, o dato deste 2018 sitúase ao mesmo nivel que o acadado en 2010.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a segunda cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –só por diante de Asturias-. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 72,7% en abril. Seguen Baleares –cun 65,3%- , Madrid –cun 63,0%- e a C. Valenciana –cun 61,2% neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 56,5%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación empeora en todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. O descenso máis suave sitúase en Castela A Mancha –é inferior ao punto porcentual- mentres que a caída máis notable rexístrase en Asturias –de máis de nove puntos neste caso-.
- As tarifas hoteleiras en Galicia caen neste cuarto mes do ano –un 2,7% en particular- situándose en 53,4 euros de media –a cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Tal circunstancia xa se repete nos anteriores meses de xaneiro, febreiro e marzo.
- Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de abril con 98,0 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Madrid –con 92,6 euros- e Cataluña –con 91,9 euros neste caso-. Son tres as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 80,6 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas. Soben e melloran en cinco delas –sendo Baleares o destino co incremento máis notable, do 4,4%- ,

mantéñense estables en Extremadura e descenden nas once restantes. Cantabria e Murcia rexistran neste caso as caídas máis notorias, próximas ao 7% interanual.

- O descenso das cifras de demanda e dos niveis de ocupación neste mes de abril, nun contexto no que caen tamén as tarifas, leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia empeoren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR cae un 9,1% ata situarse en 20,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a segunda cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 77,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de abril. Sitúase por diante das restantes comunidades entre as que destaca Madrid –con 71,9 euros neste caso-.
- En termos dinámicos obsérvase igualmente un comportamento dispar a nivel das comunidades autónomas. Os niveis de rendibilidade hoteleira melloran en tres destinos sendo neste caso Madrid o que amosa o incremento máis notable, do 4,3% en relación ao pasado ano. Mantéñense estables en Castela A Mancha e Baleares, e descenden nos doce destinos restantes. Asturias marca a caída máis notable, cun descenso do 24%.

1º CUADRIMESTRE 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Abril 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	26.982.962	0,7%	897.657	-4,3%
NOITES	79.184.914	-0,5%	1.675.598	-1,3%
ESTADÍA MEDIA	2,93	-1,2%	1,87	3,1%
% OCUPACIÓN	52,11%	-0,60	26,96%	0,76

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No primeiro cuadrimestre deste ano 2018 Galicia rexistra unha leve caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 4,3%, acadando preto de 900 mil- e o volume de noites –un 1,3% neste caso, con case 1,7 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos catro anteriores. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13, a demanda hoteleira consegue estabilizarse no primeiro cuadrimestre de 2014 para logo incrementarse nos tres anos posteriores –un 7,2% en 2015, un 6,7% en 2016 e un 9,0% en 2017-. A caída deste ano, aínda que suave, rompe esta dinámica e coloca o nivel final en preto de 1,68 millóns da noites –cifra inferior obviamente á do pasado ano mais superior á rexistrada no período 2011-16.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 case 900 mil no conxunto da comunidade, a segunda cifra máis elevada desta década.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de algo máis de 40 mil viaxeiros aloxados e de case 23 mil pernoctacións en relación aos catro primeiros meses de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 0,7%- mais unha caída do volume de noites –do 0,5% neste caso-. Son variacións pouco significativas que falan máis ben de certa estabilidade dos niveis de demanda en relación ao pasado ano.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste primeiro cuadrimestre. En particular, sobe e mellora en dez delas –sendo Murcia o destino que rexistra o crecemento máis intenso, do 5,8% neste caso-, mantense estable en Cantabria e descende nas seis restantes –entre as que se atopa Galicia-. Asturias é a comunidade que rexistra o descenso máis notorio neste período, do 5,4% en relación ao pasado ano.
- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Nove delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Baleares o ranking cun incremento do 5,2%-, mantense estable en tres e descende en cinco –sendo A Rioxa o destino coa caída máis notoria, do 6,0% neste caso-.

- Canarias –con preto de 22,4 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste cuadrimestre –absorbendo o 28,2% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Andalucía –con máis de 12,8 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 12,0 millóns de pernoctacións-, Madrid e a C. Valenciana –ambas con máis de 7,5 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 79% do total da demanda hoteleira de España. O 21% restante repártese no resto do territorio destacando Baleares por encima das restantes. Galicia ocupa neste período a novena posición representando o 2,1% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos grandes segmentos, con variacións ademais de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un leve descenso do 1,7% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por unha caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 2,5% neste caso. Son variacións de baixa intensidade que en todo caso rompen cunha tendencia de crecemento continuo nos catro anos anteriores de 2014 a 2017. O nivel final deste primeiro cuadrimestre sitúase en preto de 565 mil noites.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento negativo cun descenso do 3,7% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 5,9% neste caso-. Tamén neste caso o descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2014 e deixa o nivel final en preto de 759 mil noites –a segunda cifra máis elevada da década-.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos períodos e presenta un incremento da demanda en relación ao pasado ano. O volume de pernoctacións sobe un 4,9% como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae en realidade un 3,9%. Son catro anos consecutivos de crecemento do turismo internacional en Galicia no primeiro cuadrimestre, con subas acumuladas do 17% en 2015, do 7% en 2016, do 14% en 2017 e do 5% agora en 2018 que sitúan o nivel final en máis de 352 mil noites –dato que supón un máximo histórico na nosa comunidade-.
- O 45,3% da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período. O mercado interno representa o 33,7% mentres que o internacional supón o 21,0% do total –cifra que tamén supón máximo histórico na comunidade neste primeiro cuadrimestre-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira. O volume de noites sobe e mellora nas provincias de interior –un 3,5% en Lugo e un 1,9% en Ourense- e descende, en cambio, nas provincias do litoral atlántico –un 3,8% en A Coruña e apenas un 1% en Pontevedra-.
- Con preto de 729 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 43,5% do total-.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,87 noites, cifra que supera nun 3,1% o dato do mesmo período do pasado ano. Este incremento permite recuperar o perdido nos catro anos anteriores e situar o nivel final en case 1,9 noites –dato do primeiro cuadrimestre de 2014-.

- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de maior intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,0%-. Tal circunstancia ten como consecuencia unha mellora dos niveis de ocupación do sector –en particular, sobe en 0,8 puntos porcentuais para situarse no 27,0% de media, a cifra máis elevada desde o 2008-. Son cinco anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación no primeiro cuadrimestre do ano, por motivos diferentes –de 2014 a 2017 mellora nun contexto positivo de crecemento da demanda e agora en 2018 mellora por unha caída da oferta superior ao descenso da demanda-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 75,6%. Seguen Baleares –cun 58,3%-, Madrid –cun 57,6%- e a C. Valenciana –cun 53,6% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 52,1%.